



AXUDAS A PROBAS INTERNACIONAIS 2017

Co fin de axudar aos nosos deportistas destacados e co obxecto de apoiar a súa proxección internacional, convócanse as seguintes axudas a probas internacionais.

A Federación Galega de Tríatlón e Pénatlón Moderno, axudará os seus deportistas de alto nivel, na medida das nosas posibilidades e naqueles casos nos que as respectivas Federacións Españolas (Triatlón e Pentatlón) non o fagan.

O límite de deportistas que accederán finalmente a estas axudas e o importe da mesma dependerá da contía económica dispoñible así como do cumprimento dos seguintes criterios.

Criterios xerais de adxudicación:

- 1.- Proxecto deportivo enfocado a probas internacionais que dean puntos para mellorar nos ranking ITU e/ou abran portas reais de clasificación para convocatorias internacionais con especial atención a Xogos Olímpicos e Paralímpicos.
- 2.-Deportistas convocados e confirmados para campionatos por seleccións autonómicas
- 3.- Resultados deportivos internacionais tempada 2017
- 4.- Compromiso asinado co adestrador/a e a Dirección Técnica.

*** O prazo límite de presentación de solicitudes será o 30 de Xullo do 2017 e debese acompañar dun proxecto deportivo pluri-anual (2017-18), exceptuando os casos nos que a planificación deportiva dependa na actualidade da Dirección Técnica da Fegatri.**

Todos aqueles deportistas interesados deberán de dirixir a súa solicitude ó enderezo electrónico da Federación Galega de Tríatlón (fegatri@hotmail.com).

Aplicación dos criterios xerais:

Criterio 1.- Proxecto deportivo a valorar por XD ata un máximo de **8 puntos**

Criterio 2.- Excluínte no caso de deportistas que rechazen a convocatoria ou non xustifiquen debidamente a súa ausencia no autonómico 2017

Criterio 3.- Resultados deportivos. Terase en conta a mellor puntuación obtida polo deportista dentro do seguinte baremo:

CRITERIO POR RESULTADO		Puntos
Nivel I	Participación en Copa continental- ITU	3
Nivel I	Participación en Campionatos de Europa e do Mundo en modalidade non olímpica (ITU)	3
Nivel I	Participación en proba internacional no draft Categoría PRO	3
Nivel II	TOP 20 en CC ITU	5
Nivel II	TOP 5 en C Europa ITU, C Mundo ITU modalidade non olímpica e proba non draft internacional Categoría PRO	5
Nivel III	Participación en Copa del Mundo – ITU	6
Nivel IV	TOP 30 en CM – ITU	10
Nivel V	Participación en series mundiais – ITU	12
Nivel V	Participación en Copa del Mundo Péntatlon – UIPM	12
Nivel V	Participación en Paratriatlón World Series	12
Nivel VI	TOP 40 series mundiais – ITU (en 1 proba)	15
Nivel VI	TOP 36 Copa del Mundo Péntatlon – UIPM (en 1 proba)	15
Nivel VI	TOP 5 Paratriatlón World Series (en 1 proba)	15
Nivel VII	TOP 25 series mundiais – ITU (Final)	25
Nivel VII	TOP 10 Copa del Mundo Péntatlon – UIPM (Final)	25
Nivel VII	TOP 5 Final Mundial Paratriatlón	25

* Terase en conta unicamente os resultados en categoría “Elite/PRO”

Criterio 4.- Excluínte.

O deportista comprométese a asistir prioritariamente a todos aqueles actos ou competicións para as que sexa requerido pola Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno durante a tempada 2017.

INCOMPATIBILIDADES:

Así mesmo, esta axuda é incompatible coa participación en probas de calquera modalidade (recoñecida por regulamento Fegatri/Fetri) disputada na nosa comunidade e que se desenvolva sen o amparo e supervisión desta Federación.

FEDERACIÓN GALEGA DE TRÍATLON E PÉNTATLON MODERNO